

Problemas no consulado impiden a Basim Khandaqji viaxar até Galiza para recibir o recoñecemento como Escritor Galego Universal 2026

A AELG agarda que en breve o poeta palestino poida estar na Galiza.

Redacción

8 de maio de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/problemas-consulado-impiden-basim-khandaqji-estar-galiza/20260508194339255846.html>

O palestino Basim Khandaqji non poderá estar presente finalmente este sábado en persoa na Galiza para recibir o recoñecemento como o **Escritor Galego Universal 2026 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)** no marco da gala dos Premios Follas Novas do Libro Galego, en Santiago de Compostela. Tras **21 anos nunha prisión israelí**, Khandaqji foi liberado. Antes, aínda na cadea, escribiu a novela *Unha máscara da cor do ceo*, que recibiu o Premio Internacional de Ficción Árabe.

Desde a AELG confirmaron a *Nós Diario* que problemas burocráticos no consulado español no Cairo impediron a Basim Khandaqji obter a documentación precisa para poder facer a viaxe cunha certeza de poder volver entrar posteriormente en Exipto, país onde reside após saír de prisión e que Israel lle prohibise voltar á súa Cisjordania natal.

"**Estivo oito horas no consulado** e finalmente déronlle un papel que el entendía que non lle aseguraba o dereito ao retorno", explica a Asociación, que quere agradecer o traballo de mediación que intentou facer o deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, para que o poeta puidese estar hoxe na Galiza.

Malia non poder estar presente, A AELG mantén a entrega hoxe en Compostela da distinción de Escritor galego Universal 2026 de maneira simbólica e proxectarase un vídeo remitido especialmente para a ocasión por Khandaqji.

A AELG afirma que agarda que **nos vindeiros meses sexa posíbel que este escritor palestino** que botou dúas décadas en cárceres de Israel poida estar fisicamente na Galiza para recibir coas súas propias mans esta distinción.